

BMS

RESOLUCIÓN

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE CULLEREDO

Antecedentes

Primeiro.- Tense recibido desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia comunicación da previsión de renovar o convenio de pertenza á Rede de Bibliotecas de Galicia na que está integrado a rede de centros bibliotecarios do Concello de Culleredo.

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Tal e como establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas, os convenios deben ter un prazo que non debe ser superior aos catro anos. En 2020 asinouse o convenio de integración da Biblioteca Pública Municipal "Miguel González Garcés" e Axencia de Lectura Municipal "Cardeso Liñares" a esta Rede de Bibliotecas de Galicia.

Terceiro.- Desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude se ten remitido borrador do convenio que se pretende renovar no que se incorporan unha serie de novidades referidas fundamentalmente á maior precisión dos compromisos das partes, incidindo nunha mellora da prestación do servizo mellorando o acceso da cidadanía á lectura do libro tanto en formato físico como dixital e ao exercicio dos dereitos dos usuarios, en particular á protección de datos.

Cuarto.- Este convenio asínase cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, e poderá prorrogarse ata un máximo de catro anos adicionais. .

Consideracións

Primeiro.- Este convenio reflicte a finalidade última de mellorar o acceso da cidadanía á lectura e ao libro, tanto en formato físico como dixital, e a través da renovación do compromiso de integración na Rede Galega de Bibliotecas preténdese que os concellos titulares destes servizos se atopen en igualdade de

condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica.

Segundo.-Desde os servizos técnicos do servizo Bibliotecario Municipal se ten valorado positivamente este texto do convenio de pertenza á Rede de Bibliotecas de Galicia e a conveniencia de renovar o compromiso de permanencia na Rede.

Visto o informe do xefe de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Participación Cidadá de data 24 de outubro de 2024 e con código de documento UCU18I00I1.

RESOLVO:

Primeiro.- A conveniencia de renovar os compromisos de permanencia do Concello de Culleredo na Rede de Bibliotecas de Galicia coa sinatura do convenio de pertenza á esta rede.

Segundo.- Remitir a documentación solicitada pola Subdirección Xeral de Bibliotecas e do libro da Xunta de Galicia para proceder á súa sinatura.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, á data da sinatura dixital

A proposta de

Conforme coa proposta, elévase a resolución

O xefe de servizo de
Cultura, Educación, Participación
Cidadá e Deportes
(asinado dixitalmente)

A Concellerira Delegada de Cultura
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

*P.D. (Resolución do 18.06.2019,
BOP núm. 125 de 04.07.2019)*

Dou fe,
O secretario xeral
(asinado dixitalmente)